

XORNADA A AXENDA FEMINISTA GALEGA: A 4º OLA.  
ACHEGAS DE TEENSES POLA IGUALDADE



# XORNADA A AXENDA FEMINISTA GALEGA: A 4ª OLA. ACHEGAS DE TEENSES POLA IGUALDADE



**XORNADA A AXENDA FEMINISTA GALEGA: A 4ª OLA**  
**1º ENCONTRO**

CEE PANXÓN • 9-10 agosto • 2019

**ASOCIACIÓN PARTICIPANTES**

- REDE GALEGA POLA IGUALDADE -REGAI
- ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE AXENTES DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES GALEGA -APAIOGA
- SOCIEDADE GALEGA DE SEXOLOXÍA-SOGASEX
- FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE GALICIA-FADEMUR
- O SOÑO DE LILITH
- COMANDO IGUALDADE
- TEENSES POLA IGUALDADE
- FORO FEMINISTA MARUXA MALLO
- MULLERES VIÚVAS DEMÓCRATAS DE VIGO
- COLECTIVO FEMINISTA DE PONTEVEDRA
- REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO

Organiza  
Rede Galega pola Igualdade  
-REGAI-



2



XORNADA A AXENDA FEMINISTA GALEGA: A 4ª OLA.  
ACHEGAS DE TEENSES POLA IGUALDADE



XORNADA A AXENDA FEMINISTA GALEGA: A 4ª OLA.  
ACHEGAS DE TEENSES POLA IGUALDADE



4



## ANÁLISE DAS XORNADAS

Teenses pola Igualdade non podía faltar nin deixar de colaborar nesta importantísima cita estival. Felicitamos ás organizadoras pola boísima acollida, a calidade extraordinaria das poñentes e a dinámica en xeral das xornadas, moi participativas e productivas para facilitar as sinerxias entre as distintas asociacións participantes.

Descatamos especialmente deste encontro a diversidade de temas tratados, así como a seriedade e respecto cos cales foron abordados polas poñentes e polas distintas participantes nos momentos dos coloquios. Como conclusión final eu, en nome de Teenses, quédome cunha consigna que alguén aportou e que é "*ou todas ou ningunhd*", un lema que estivo moi presente expresa o implícitamente ó longo de tódalas xornadas e co cal non podemos desde Teenses pola Igualdade estar máis dacordo. Dende Teenses abogamos por un movemento feminista que debe abranguer as distintas situacións e realidades de todas e cada unha das mulleres, ningunha pode quedar fóra, todas teñen que estar representadas.

Nestas xornadas recolleuse moi especialmente esta diversidade, dándolle voz a diversos colectivos feministas: dende a nosa mocidade, as mulleres do rural, as mulleres doutras realidades socioculturais, as viúvas, as mulleres prostituídas, e un longo etcétera. Púxose moito o acento na tarefa que representa a educación, dende os distintos prismas, dende a familia, a escola e as redes sociais, coincidindo neste punto unánimemente en que a educación é un pilar fundamental para o avance desta nosa sociedade.

Tratáronse tamén con moita rigurosidade e dende a non sempre grata realidade, os recursos institucionais contra a violencia de xénero cos que se contan hoxe en día, chegando a conclusión de que mecanismos jurídicos hainos, pero non se ven reflectidos, en boa medida, pola falta de formación e sobre todo pola falta xeneralizada de perspectiva de xénero dos axentes intervintes (policía, xudicatura, fiscalía, etc), cuestión que reivindicamos con forza tamén desde Teenses pola Igualdade. Un punto certamente olvidado e que sí se tratou nestas xornadas, son as crianzas, onde quedan os seus dereitos? ¿Onde quedan as súas necesidades? Quen se ocupa e preocupa polas vidas rotas das crianzas vítimas da violencia de xénero? Non cabe esquecerse delas e polos seus dereitos tamén loitaremos con forza.

Outro tema fundamente tratado nestas xornadas, foi a mercantilización dos corpos das mulleres, en particular, a prostitución e o alugueiro de ventres.

## XORNADA A AXENDA FEMINISTA GALEGA: A 4ª OLA. ACHEGAS DE TEENSES POLA IGUALDADE

Certamente, pasa o tempo, pero parece que a lo menos neste tema da prostitución, pouco ou case nada logramos avanzar, séguese a "xustificarse" e séguese empregando as mesmas excusas de sempre. Temos que seguir traballando, e moito, para acabar con esta mercantilización dos corpos femininos. O abolicionismo creemos que é a única vía.

Dende o punto de vista legal, o novo marco normativo é un avance para os casos máis graves, pero resulta claramente insuficiente. Abogamos por introducir a penalización do proxenetismo meramente lucrativo, fora hoxe en día do Código Penal, e a modificación da Lei de Publicidade para evitar que os medios de comunicación colaboren tan activamente como o fan nesta lacra, por exemplo, coa publicidade de "contactos", presente en calquera noticiario que se precie.

É preciso sobre todo que se poñan en marcha campañas de sensibilización social que poña dunha vez por todas o foco nos demandantes deste *servizos sexuais*, para deslexitalos a eles, e non poñer o foco únicamente na muller prostituída, vitimizándoa deste xeito dobremente, pola propia explotación sexual do seu corpo e pola estigmatización que padecen.

Dende Teenses pola Igualdade os ventres de alugueiro non sóns máis que unha forma "*moderna*" de mercantilización do corpo femenino, con excusas e con altas doses de cinismo nas súas xustificacións. Ninguén parece reparar no perfil das mulleres que se "someten" a estas prácticas, nin na súa saúde mental e física.

Sen desmerecer, nin moitísimo menos ó resto das estupendísimas ponentes, temos que destacar especialmente a Rosa Arcos, Presidenta de *FADEMUR Galicia*, como non podía ser doutro xeito, porque foi unánime a súa exitosa intervención, reflectido ese éxito polo sonoro e prolongado aplauso acadado trala súa magnífica maneira de transmitirnos cómo inflúe o territorio no activismo social, especialmente no feminista, facéndonos reflexionar en cousas que antes non tiñamos presentes, como o son as singularidades do territorio rural dende a perspectiva de xénero dunha maneira tan clara e tan natural que resultou emocionante, sobre todo tendo en conta que non hai que esquecer que vivimos en Galicia!, onde a poboación é maioritariamente rural, e pouco, moi pouco se pensa nelas, nas mulleres do rural, nas súas necesidades. Desde Teenses, como non podía ser doutro xeito, dado que o noso concello de orixe é eminentemente rural, abogamos por esa idea que Rosa nos transmitiu de forma tan natural e sinxela, como é que hai que acercarse ó rural e escoitalas, darlles voz e ver o que precisan as nosas mulleres do rural. Dende logo, un punto na axenda a ter moi en conta no sucesivo. Isto ven a reflectir ó lema co cal eu especialmente me quedo e fago meu dende xa: "*ou todas, ou ningunha*".

## XORNADA A AXENDA FEMINISTA GALEGA: A 4ª OLA. ACHEGAS DE TEENSES POLA IGUALDADE

Como xa adiantaba, tratouse un tema de moito calado hoxe en día, como é a educación afectivo-sexual como parte da coeducación. Abordáronse temas como as fontes principais de información ás que acode a nosa rapazada na actualidade, como é Internet, os riscos de isto e os novos retos. Concordamos con que a información a través da rede no é axeitada para iniciarse na formación da educación afectivo-sexual, xa que fomenta en moitos, moitísimos casos, a violencia sobre a muller a súa cosificación e a mercantilización do seu corpo. Concordamos na nosa asociación en que a educación sexual segue a ser un tema insuficientemente tratado no entorno familiar e ademais, de forma pouco axeitada, en xeral, xa que todavía está moito máis centrada nos riscos (na negatividade: embarazos non desexados, enfermidades, pornografía, etc) e non no afectivo pese a que afectividade e sexualidade van parexas, no saudable da sexualidade como parte dunha vida plena cando se achega a ela dende a liberdade e o respecto. É un compromiso moi importante que acadar, a sensibilización das familias para acadar estes obxectivos.

Afondouse no concepto de *coeducación* a da súa indubable importancia. Dende Teenses temos o compromiso firme que tanto dende a familia (en primeiro lugar) como dende os centros de ensino, deben poñerse as bases para lograr esa coeducación que desexamos para a nosa rapazada.

Un aspecto importante co cal se banaliza moi frecuentemente, é coa evidente erotización cada vez máis temperá da infancia, sobre todo, claro está, das nenas. Na publicidade, na roupa que venden e nós lles mercamos, nos bailes de fin de curso (o reggaetón), nos hábitos, nos xogos infantís que lle mercamos, a segregación por sexos que fomentamos nas festas infantís, nos "deportes" ou "aficións" que se seguen a segregar por sexos, e un longo etcétera. É preciso concienciarse como nais e pais destes aspectos e a importancia deles na etapa vital tan importante, como é a de conformación da súa identidade.

Froito destas xornadas farase un documento que recolla as conclusións dos distintos temas debatidos e tratados nos catro grupos de traballo. A intención é darlle continuidade ó proxecto, polo que a partir dese documento será *FADEMUR Galicia* quen deberá facer a proposta de programación para o **2º encontro**, previsto para o **21 de setembro en Compostela**.

Elena Moreira Agra.